

4. LIGA 3º DIVISIÓN SÉNIOR MASCULINA

4.1. EQUIPOS PARTICIPANTES

Esta categoría estará formado polos equipos da Comunidade Autónoma Galega seguintes:

- Equipos descendidos da 2ª Div. Masculina da temporada anterior.
- Equipos que manteñen a categoría.
- Equipos que o Comité de Actividades autorice a participar

4.2. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS.

Data tope de inscrición: 14 de Setembro ás 18.00 hrs.

4.3. XOGADORES.

A data límite para dar de alta xogadores nesta categoría será o 28 de febreiro do 2017. Nesta competición permitirase un máximo de 15 xogadores que poderán ter licenza por un equipo, se ben só se poderán aliñar un máximo de 12 xogadores por partido

4.4. ARBITRAXES.

As arbitaxes serán Autonómicas.

4.5. FORMA DE XOGO.

Liga Regular

Os equipos inscritos dividiranse en 6 grupos dun mínimo de 8 e un máximo de 12 equipos a ser posible, distribuídos por proximidade xeográfica. A distribución, composición e número de integrantes dos grupos a efectuará o Comité de Actividades da FGB.

Nestes grupos xogarse unha liga a dobre volta todos contra todos.

Nas delegacións que haxa maior número de equipos inscritos poderán facerse dúas subdivisións desta categoría con ascensos e descensos.

Datas de Xogo

A competición disputarase nas seguintes datas que poderán ser modificadas polo Comité de Actividades da FGB:

Outubro: 16, 23, 30
Novembro: 6, 13, 20, 27
Decembro: 11, 18
Xaneiro: 15, 22, 29.

Febreiro: 5, 12, 19, 26
Marzo: 5, 12, 19, 26
Abril: 2, 9

Fase de Ascenso:

Disputarán a Fase de Ascenso os dous primeiros clasificados de cada un dos grupos (12 equipos) e distribuiranse de novo por proximidade xeográfica en 3 grupos de 4 equipos, nos que disputarán unha liga a dobre volta (6 xornadas)

O equipos clasificados en 1º e 2º lugar de cada un dos grupos, ascenderán a Liga 2ª División Sénior Masculina.

Datas de Xogo

Abril: 23, 30
Maio: 7, 14, 21, 28.

Copa Primavera

Os equipos que non se clasifiquen para a Fase de Ascenso nin de Descenso poderán disputar a Copa Primavera, que ao efecto poderá organizar a FGB. Sendo esta competición de carácter zonal e co formato que se estipule polo Comité de Actividades en base as solicitudes para disputala.

4.6. ASCENSOS E DESCENSOS.

Os equipos clasificados en 1º e 2º lugar de cada un dos grupos da fase de ascenso, ascenderán á Liga 2ª División Sénior Masculina.

4.7. DATAS DE SORTEO

Liga: 23 de setembro ás 19.00 horas.
F. Ascenso: 10 de abril ás 19.00 hrs.

4.8. HORARIO DE XOGO.

Os encontros terán que disputarse nos seguintes horarios:

Sábado: 16.00, 18.00 e 20.00 horas e domingos: 10.00 e 12.00 horas e 17.00 h. e 19:00 h.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo ás 10.00 h, e o equipo visitante así o requira terá que fixarse como horario de xogo o sábado ás 16.00 h, 18.00 h, 20.00 h e domingo 12.00 h, 17.00 h e 19.00 hrs., sempre que o equipo que se despraza o fai dende máis de 100 km. por traxecto.

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB a conformidade do equipo contrario.

Os horarios dos encontros de cada xornada deberán remitirse vía mail á FGB o martes anterior ao encontro, de non facelo será potestade da FGB marcar o horario e o campo de xogo, sendo responsabilidade do equipo local ter o terreo de xogo libre. Así mesmo, o Comité de Actividades enviará os mércores a todos os participantes os horarios correspondentes a cada xornada. A FGB poderá autorizar como día de xogo os luns, martes, mércores, xoves e venres entre as 20.30 h e as 21.15 h., salvo que o equipo que se desprace o faga dende máis de 25 km. por traxecto. Puntualmente calquera outro horario incluído calquera día da semana poderá ser autorizado pola FGB sempre que os equipos estean de acordo.

4.9. TERREO DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial. Neste terreo de xogo disputaranse os seus encontros e deberá estar catalogado como NIVEL 2 dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Non se admitirán en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar.

Nos encontros en que participen equipos que realicen desprazamentos e no caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá celebrarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Se finalmente, e por falta de previsión do equipo local, tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este, sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considere incomparecencia.

A FGB recoméndalles a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, empreguen nestes canastras de pé, así como que teñan reposto de taboleiros para o caso de rotura accidental.

Os clubs deberán cumprir as prescricións previstas pola lexislación vixente no referente á prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos e serán os responsables da seguridade de xogadores/as e árbitros no que respecta ás instalacións deportivas, poñendo os medios necesarios para evitar accidentes extradeportivos no transcurso da actividade.

4.10. BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

4.11. OBRIGAS ESPECÍFICAS.

• COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso:

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebArbitro/index.aspx>

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebClub/>